

# LOVE ME TENDER

Anna Cazenave Cambet, 2025

# 1712

ESTREA EN NUMAX: 08.04.2026 | V.O.S.E. | +16 | 134 min

No final do verán, Clémence cóntalle ao seu ex marido que mantén relacións amorosas con mulleres. A súa vida véñse abaixo cando el queda coa custodia do fillo que teñen en común. Clémence deberá loitar para seguir sendo nai, muller e libre.

«Vicky Krieps prende un elegante e conmovedor retrato da maternidade en conflito coa súa propia identidade»

Jessica Kiang, VARIETY



## Pánico heterosexual

Por Ricardo Fernández

Anna Cazenave Cambet volve a Cannes con *Love Me Tender*, presentada en Un Certain Regard, e faino cunha película que é, á vez, un drama xudicial, un relato sobre a maternidade *queer* e un berro contra o sistema. Adaptación dunha novela autobiográfica de Constance Debré —quen, como a súa alter ego na ficción, foi avogada e o deixou todo para escribir—, a película segue a historia de Clémence, unha muller que perde a custodia do seu fillo tras comunicarlle ao seu exmarido que empezou a saír con mulleres. A partir de aí, empeza o inferno.

O mellor de *Love Me Tender* é doado de sinalar: Vicky Krieps. Algo que non sorprende cando falamos da actriz d'*O fío invisible* (Paul Thomas Anderson, 2017) ou *A emperatriz rebelde* (Marie Kreutzer, 2022), por exemplo. É ela quen leva todo o peso da película cunha mestura de rabia contida e vulnerabilidade que nunca se converte en ridícula. Krieps logra que empaticemos con Clémence aínda que ás veces non saibamos por completo o que pensa ou por que actúa de determinada maneira. É, de feito, unha desas películas onde o rostro da actriz vale máis que calquera liña de guión.

O outro gran acerto é que a directora non busca suavizar nada. O que Clémence vive é un pesadelo e Cambet decide mostrárnolo con frialdade, sen edulcorar, sen buscar atallos emocionais. Non hai grandes arrebatos nin escenas lacrimóxenas: hai burocracia, hai xuíces, hai informes que deciden se unha muller pode ver o seu fillo ou non. E hai unha lesbiana enfrontándose a ese sistema que, aínda que se disfrace de neutralidade, segue funcionando con prexuízos de hai décadas. “Pánico heterosexual” chámalo nun momento.

O guión, tamén asinado pola propia Cambet, que ten momentos moi brillantes, incorpora pasaxes literais do texto orixinal como voz en off. Ese recurso axuda a entender o que Clémence sente sen necesidade de verbalizalo en escena e está xustificado xa que a protagonista é escritora. No plano visual, a película tamén está moi coidada, cunha fotografía, de Kristy Baboul, que aposta por planos pechados, por rostros que sofren en silencio.

A pega, se hai que poñer algunha, é que a película herda a estrutura fragmentaria do libro e iso fai que algunhas tramas queden esvaecidas. Aparecen personaxes ou conflitos que apuntan maneiras—a relación co seu pai, un novo amor que empeza a asomar— pero que non terminan de callar. Non sabería dicir se tería sido mellor cortar algúns fíos ou tecelos máis, porque sinto que máis que sobrar, enriquecen aínda máis unha película xa de por si notable.

Publicado en [elcontraplano.com](http://elcontraplano.com)



Na librería  
**NUMAX**  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*Love Me Tender*,  
Contance Debré.  
Alpha Decai